

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**ORDE do 29 de xaneiro de 2024 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2024, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).**

O dominio dunha segunda, ou mesmo, dunha terceira lingua estranxeira, converte nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos, á vez que se mostra como unha das principais carencias do noso sistema educativo. A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciábel para a construción dun proxecto europeo. Na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, apoiase decididamente o plurilingüismo, redobrando os esforzos para conseguir que o alumnado se desenvolva con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita resulta decisivo para favorecer a empregabilidade e as expectativas profesionais, e por isto aposta decididamente pola incorporación curricular dunha segunda lingua estranxeira.

Esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns e cidadás da nosa comunidade autónoma e da preocupación que neste sentido se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o Plan de potenciación de linguas estranxeiras ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que pretende dar continuidade a propostas anteriores como a anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, o programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE) e os programas de seccións bilingües, así como implantar novas propostas como a creación dos centros plurilingües. Así mesmo, en liña con estes propósitos, actualmente a Estratexia galega de linguas estranxeiras-Edulingüe2030, para o fomento e a mellora do plurilingüismo no ensino non universitario, contempla medidas e accións para mellorar a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado galego. A liña de impacto 7, Programa de inmersión lingüística activa, prevé medidas no estranxeiro que permitan a formación integral do alumnado para o seu enriquecemento persoal, académico e profesional.



Dentro do conxunto de medidas postas en marcha no curso escolar 2023/24, a mellora da competencia comunicativa e o afianzamento da internacionalización do sistema educativo para favorecer a cidadanía global constitúen os dous eixes principais de actuación. Este conxunto de medidas, en liña coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas, establece entre os seus principios educar para o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial co fomento das mobilidades de alumnado e a equidade, inclusión e igualdade de oportunidades, cunha ampla oferta formativa para o alumnado con estadias en ámbito internacional durante o período escolar e en período non lectivo.

En consecuencia, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto, ámbito da convocatoria*

O obxecto desta orde é establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2024.

Esta convocatoria, para os efectos da súa identificación e acceso aos formularios de inicio polas persoas interesadas, na sede electrónica da Xunta de Galicia, denomínase «Actividades de formación en linguas estranxeiras», co código de procedemento ED504B.

##### Artigo 2. **Actividades de formación convocadas**

1. As actividades que se convocan, cuxo contido se especifica en canto a número de prazas, destino e réxime de aloxamento no anexo IV, son actividades de formación para a mellora na competencia no uso de linguas estranxeiras.

2. O período de realización destas actividades comprenderá desde a primeira semana do mes de xullo ata finais do mes de agosto de 2024, coa excepción das actividades para o 2º curso de bacharelato, que se desenvolverán no mes de agosto.

As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.



A Administración reserva para si o dereito de adxudicarlles destino ás persoas seleccionadas atendendo, na medida do posible, as preferencias indicadas na solicitude.

En último termo, se concorresen circunstancias sanitarias ou doutro tipo que así o aconsellasen, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades podería decidir a cancelación destas actividades de formación, atendendo ás condicións de seguridade e saúde do alumnado participante.

3. A xestión e organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, contratadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Estas empresas ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación dunha póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

As familias achegarán as cantidades que lles correspondan á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, de acordo coas contías establecidas no anexo IV.

4. **O custo total de cada actividade inclúe:**

a) No caso das actividades que se realizarán, os gastos da viaxe desde o punto de saída dos distintos grupos.

b) Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.

c) Os gastos de docencia e o material escolar.

d) As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

e) Os gastos de mantenza e aloxamento.

f) O certificado de realización da actividade.

g) O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.



**Artigo 3. Persoas beneficiarias e requisitos**

1. Poderá solicitar a participación nas actividades convocadas e ser beneficiario destas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar cursando, no réxime xeral, 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos, durante o curso 2023/24, na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2022/23.

c) Ter acadado no curso 2022/23, na área ou materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía, unha cualificación mínima de 6 no 4º curso de ensinanza secundaria obrigatoria para as prazas convocadas para o 1º curso de bacharelato e de 6 no 1º curso de bacharelato para as prazas convocadas para o 2º curso de bacharelato.

d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

e) Non estar incurso, nin o/a solicitante nin as persoas representantes/membros da unidade familiar, nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte.

2. As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titor/a legal, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que contén con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 4. *Financiamento e contías das axudas***

1. As axudas convocadas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.06.423A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 por un importe de 1.996.391,32 euros.

2. Esta convocatoria tramítase como expediente de tramitación anticipada de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, conforme o proxecto de Lei de orzamentos para o exercicio 2024, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2023, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do



11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, xunto co artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, no momento de se ditar a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos.

3. A contía da axuda para cada beneficiario ou beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadia para a que resultase seleccionado ou seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos correspondentes aos grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados no anexo IV, e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar, indicado no anexo V.

#### Artigo 5. **Solicitudes, presentación e prazo**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O procedemento de solicitude iniciarase a través da aplicación «en liña» dispoñible desde a páxina web <https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>, cubrindo o formulario electrónico que corresponda. Unha vez cuberto este formulario, gravarán os datos na aplicación «en liña», o que permitirá elixir entre a presentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente a través dun lugar ou rexistro dos establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo común, xerando os documentos en formato PDF, correspondentes aos anexos I e II, os mesmos que os obtidos a través da sede electrónica, que a persoa interesada deberá imprimir e asinar.

Para a presentación das solicitudes por vía electrónica, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso da opción de presentación a través dun lugar ou rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, a solicitude (anexo I) deberá



asinarse pola persoa representante (o pai, a nai ou a persoa que exerce a titoría, no caso de alumnado menor de idade) ou o alumno ou alumna maior de 18 anos solicitante.

Ao mesmo tempo ou posteriormente e antes do remate do prazo establecido neste artigo, deberá facerse o rexistro desta solicitude, xunto co anexo II, debidamente asinado, así como a documentación complementaria necesaria, por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG). Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo cardinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6. **Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo II.

b) Certificación académica das cualificacións de todas as áreas ou materias cursadas no ano académico 2022/23. No caso dos centros concertados, as certificacións correspondentes á educación secundaria obrigatoria serán asinadas polo director ou directora do centro docente co visto e prace da inspección educativa, e no caso das ensinanzas de bacharelato, a certificación asinaraa o secretario ou secretaria do centro educativo público en que se atope o expediente académico e co visto e prace do director ou directora dese centro.

c) Copia do libro ou libros de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia terá que presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos proxenitores, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros da unidade familiar:

– Os pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o/a titor/a ou tutores/as do alumnado.



– Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as, as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

– Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

– Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

– Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos/as que teñan en común.

– A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

– Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa de situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

– Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.

Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poida dispoñer destas informacións, non se lles exixirá ás persoas interesadas a achega individual de certificacións expedidas polas administracións correspondentes.

Para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase o interesado ou interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente.

No caso de alegarse:

d) Copia da xustificación de separación ou divorcio.

e) Copia da xustificación de viuvez.



f) Copia da xustificación de titoría legal.

g) Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c) ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

h) Copia da documentación xustificativa das alegacións que se fagan constar como outras circunstancias familiares.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. Non serán tidas en conta nin valoradas as circunstancias alegadas e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin as que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin as que conteñan emendas.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

#### Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos





trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta.

O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

a) DNI ou do NIE do/da solicitante e da nai, do pai ou do titor ou titora, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c).

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) Nivel de renda (IRPF) para o ano 2022 da nai, do pai, ou do titor ou titora legal ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou do/da solicitante no caso de ser maior de idade.

d) Estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas da nai, do pai ou do titor ou titora legal ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou do/da solicitante no caso de ser maior de idade.



e) Estar ao día no pagamento coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia de acordo co establecido no artigo 20.3, en relación co artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da nai, do pai, ou do titor ou titora ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou do/da solicitante no caso de ser maior de idade.

f) Estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social da nai, do pai, ou do titor ou titora legal ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou do/da solicitante no caso de ser maior de idade.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

g) Título de familia numerosa da persoa solicitante.

h) Discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora legal, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas no caso de que fose expedido pola Xunta de Galicia.

i) Situación de pensionista por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente de clases pasivas da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), a través da consulta co Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 9. *Notificacións***

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectúanse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 10. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a submi-



nistrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

**Artigo 11. *Colaboración dos centros docentes na difusión e participación nesta convocatoria***

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades remitirá aos centros docentes información en formato electrónico, sobre o procedemento de solicitude e de adxudicación de prazas, para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

2. A dirección de cada centro docente arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregarálle unha copia dela ao Consello Escolar, ao Claustro, ás asociacións de nais e pais (ANPAS) e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado. Así mesmo, expoñeranse no taboleiro de anuncios a listaxe provisional e a definitiva de alumnado seleccionado.

3. O contido desta orde e a información complementaria atoparase na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/axudasle>

4. As direccións dos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán, na medida das súas posibilidades, ao alumnado interesado e/ou ás súas familias o acceso á aplicación informática correspondente a este programa.

**Artigo 12. *Aceptación das bases e obrigas das persoas beneficiarias***

– A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

– Obrigación da persoa beneficiaria de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Artigo 13. *Comunicación***

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas farase a través da páxina principal da web <https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>, que se actualizará periodicamente.



**Artigo 14. *Comisión de Valoración***

1. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. A valoración das solicitudes e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo ou aquela en quen delegue.

- A persoa titular do Servizo de Apoio Económico ou aquela en quen delegue.

- A persoa titular do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou aquela en quen delegue.

- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

**Artigo 15. *Criterios de selección***

1. A adxudicación de axudas e asignación de prazas na actividade solicitada farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumna ou alumno que resulte de aplicar o baremo establecido no anexo V.



2. A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, polo que non será suficiente para obter asignación de praza e axuda reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria. É necesario, tamén, acadar un número de orde que sitúe á persoa solicitante dentro das prazas que se van conceder.

Artigo 16. **Procedemento de adxudicación de praza**

1. Finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, o órgano instrutor fará públicas tres listaxes: unha, na cal se incluírán as solicitudes admitidas; unha segunda, de solicitudes que precisan da emenda dalgún aspecto; e unha terceira, de solicitudes excluídas, facendo constar as causas de exclusión.

Estas listaxes expóranse na web da convocatoria (<https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>), na Oficina de Rexistro Único e Información da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, xustiza e deportes, e remitírase para a súa publicación ás xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e aos centros de ensino obxecto do ámbito desta convocatoria.

2. Unha vez publicadas as tres listaxes na web da convocatoria (<https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>), abrírase un prazo de 10 días hábiles para emendar os erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias. As circunstancias da emenda de erros ou falta de documentación poderanse consultar mediante o número do documento de identificación (DNI, NIE, etc. da persoa representante, ou da persoa solicitante no caso de que esta sexa maior de idade) na aplicación «en liña» dispoñible na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 1 do artigo 6 –alíneas a), b), c), d), e), f) e g)– dentro deste prazo será motivo de exclusión da convocatoria. A falta de xustificación referida ás alegacións correspondentes a que fai referencia o punto 1 do artigo 6 –alínea h)– e o punto 1 do artigo 8 –alíneas g), h) e i)– implicará que non sexan tidas en conta as circunstancias correspondentes no momento da baremación.

3. Transcorrido este prazo, o órgano instrutor fará públicas as listaxes provisionais de alumnado seleccionado e de alumnado suplente, ordenados por puntuación por cada un dos cursos; nos casos en que se produzan empates na puntuación, o criterio de desempate será a menor renda per cápita. Así mesmo, publicarase a listaxe de solicitudes con requirimentos relacionados coas comprobacións de datos referidas no artigo 8.1 –alíneas c), d), e), f)–; o contido destes requirimentos poderase consultar mediante o número do documento de identificación (DNI, NIE, etc.) da persoa representante, ou da persoa solicitante



no caso de que esta sexa maior de idade, na aplicación «en liña» dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/axudasle>

Estas listaxes expoñeranse co mesmo procedemento indicado no punto 1.

4. A seguir, abrirase un prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións e para a presentación da documentación sinalada nos requirimentos relacionados coa comprobación de datos. Rematado este prazo e estudadas as alegacións e a documentación presentada, a Comisión Seleccionadora elevará a proposta definitiva.

5. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola Comisión de Selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

#### Artigo 17. **Resolución**

1. O órgano instrutor fará públicas as listaxes definitivas de persoas seleccionadas e de suplentes, así como os destinos, as datas de realización das estadías e as achegas familiares correspondentes en cada caso, que serán publicadas na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/axudasle/> e no resto dos lugares indicados no punto 1. As persoas que facilitaron o seu correo electrónico recibirán por esta vía unha mensaxe na que se indicará o importe da achega da familia e os datos necesarios para o pagamento da correspondente cantidade. Logo abrirase un prazo de 5 días naturais para que as persoas solicitantes remitan á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte documentación:

a) Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo III.

b) Xustificante bancario do pagamento á empresa adxudataria dos cursos no número de conta bancaria que se indicará nas instrucións que se facilitarán ás persoas solicitantes a través do correo electrónico e na web <https://www.edu.xunta.gal/axudasle/>. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia ou abandono posterior. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

c) Copia do pasaporte ou visado en vigor, no caso do alumnado que requira da citada documentación para a súa participación nas actividades no estranxeiro.



2. As prazas vacantes, seranlle ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo aos teléfonos indicados na solicitude, seguindo a relación publicada de suplentes para todas as actividades solicitadas. Se se lle ofrece unha praza, ao producirse algunha renuncia nalgunha das actividades solicitadas, ten que aceptar esa praza ou renunciar a todas, sen posibilidade de optar a outra das actividades solicitadas no caso de que houberse unha renuncia posterior.

3. Por proposta do órgano instrutor, a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resolverá a relación final das persoas adxudicatarias.

4. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. A resolución definitiva das persoas adxudicatarias publicarase no DOG e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), polo que se entenderán notificadas para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Contra a resolución definitiva de adxudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 18. **Reintegros**

En aplicación do artigo 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, suporá o reintegro do importe equivalente da axuda e a exixencia dos xuros de demora correspondente desde





o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde proceder ao reintegro:

– A renuncia ou abandono posterior ao pagamento da achega familiar, sen unha causa grave debidamente xustificada.

– Non presentarse o día do inicio da actividade, sen unha causa grave debidamente xustificada.

– Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe, para o alumnado participante nas actividades realizadas no estranxeiro, sen unha causa grave debidamente xustificada.

– Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe, para o alumnado participante nas actividades realizadas no estranxeiro.

– A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.

– Ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

#### Artigo 19. **Obrigas e abandonos durante a realización da actividade**

1. Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

a) De ser o caso, o incumprimento das leis do país ao que viaxan.

b) Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.

c) Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.

d) Automedicación sen autorización médica.

e) Condutas disruptivas.

f) Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.



A expulsión do programa suporalle á persoa solicitante o pagamento de regreso e do custo total da actividade, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas.

2. No caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados, así como o importe total do custo da actividade.

#### Artigo 20. *Recursos*

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### Artigo 21. *Incompatibilidade das axudas*

Esta subvención é incompatible con calquera outra para a mesma finalidade. De concedérselle outra subvención para esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a persoa beneficiaria terá que comunicalo á Administración, segundo dispón artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para que, en aplicación do seu artigo 17.4, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de outras achegas fora dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

#### Artigo 22. *Modificación da resolución e incumprimentos*

1. A resolución de concesión das axudas previstas nesta orde poderá ser modificada por alteración das condicións iniciais que se tiveron en conta para a concesión.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se reintegrará determinarase de acordo cos seguintes criterios de grada-



ción dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) A obtención da subvención falseando os datos, os feitos ou a documentación, así como as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen: reintegro do 100 % da subvención concedida.

b) O incumprimento da finalidade, requisitos e condicións exixidas á persoa beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da subvención concedida.

c) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, públicos ou privados, que financien as actividades subvencionadas: reintegro do 5 % da axuda concedida.

**Artigo 23. *Publicidade na Base de datos nacional de subvencións***

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo***

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2024

O conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades  
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS</b>		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>ED504B</b> 	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	--	---	--------------------------------

  

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b> (alumno/a)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO		NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			
SEXO		NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR					
<input type="radio"/> Home <input type="radio"/> Muller							

  

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
RELACIÓN CO/COA ALUMNO/A SOLICITANTE							
<input type="radio"/> Pai <input type="radio"/> Nai <input type="radio"/> Titor/a							

  

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

  

<b>CURSO</b> (sinale no que está matriculado/a)
<input type="radio"/> 1º BACH. <input type="radio"/> 2º BACH.

  

<b>ORDE DAS PREFERENCIAS DE DESTINO</b> (1º e 2º de bacharelato)	
Marque o destino elixido. No caso de elixir varios destinos, orde das preferencias de destino (poña 1, 2, 3, 4 ou 5, segundo sexa o caso).	
<b>1º Bacharelato</b>	<input type="checkbox"/> Inglés Canadá <input type="checkbox"/> Alemán Alemaña <input type="checkbox"/> Inglés Reino Unido <input type="checkbox"/> Francés Francia <input type="checkbox"/> Portugués Portugal
<b>2º Bacharelato</b>	<input type="checkbox"/> Inglés Canadá <input type="checkbox"/> Alemán Alemaña <input type="checkbox"/> Inglés Reino Unido <input type="checkbox"/> Francés Francia <input type="checkbox"/> Portugués Portugal





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I  
(continuación)

**DATOS ACADÉMICOS**

NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2022/23  NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA CURSO 2022/23  
 Inglés  Alemán  Francés  Portugués

NOME DO CENTRO EDUCATIVO CURSO 2022/23  CÓDIGO DO CENTRO

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

**1. ALEGACIÓNS DE CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES**

A seguinte circunstancia personal, para os efectos do indicado no artigo 6 da orde de convocatoria:

- Familia monoparental
- Divorcio ou separación
- Viúvo/viúva
- Tutoría legal
- Outras (indíquese cales)

**2. ALEGACIÓNS ANEXO V (puntos 3 e 4)**

a) Discapacidade de grao igual ou superior ao 33 %

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE	RELACIÓN FAMILIAR CO/COA ALUMNO/A
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

b) Pensionista por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente de clases pasivas

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE	RELACIÓN FAMILIAR CO/COA ALUMNO/A
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

c) Familia numerosa

**3. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:**

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- 4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- 5. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 6. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: fgs8bcd8-q8t7-fhw1-jne8-199jnv4ki92



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
<input type="checkbox"/>	Anexo II
<input type="checkbox"/>	Certificación das cualificacións de todas as áreas ou materias cursadas no ano académico 2022/23
<input type="checkbox"/>	Copia do libro de familia
<input type="checkbox"/>	Copia da xustificación de separación ou divorcio
<input type="checkbox"/>	Copia da xustificación de viuvez
<input type="checkbox"/>	Copia da xustificación de tutoría legal
<input type="checkbox"/>	Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c) ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.
<input type="checkbox"/>	Outra documentación acreditativa das circunstancias familiares

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Consulta de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Nivel de renda (IRPF) para o ano 2022	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. Público en xeral pola publicación de listaxes na páxina web do programa ( <a href="http://www.edu.xunta.es/axudasle">http://www.edu.xunta.es/axudasle</a> ).
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 29 de xaneiro de 2024 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2024, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS  
ED504B - ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal. No caso de que as terceiras persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

PARENTESCO/ RELACIÓN CO/COA ALUMNO/A	NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
				NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNAME Á CONSULTA	
			<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
						Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>	
						Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>	
						<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>		
						<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>	
						<input type="checkbox"/> Consulta de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade	<input type="checkbox"/>	
						<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> No caso de non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
						Nivel de renda (IRPF) para o ano 2022	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
						Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
						Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>	
						Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>	
						<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>		
						<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>	
						<input type="checkbox"/> Consulta de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade	<input type="checkbox"/>	
						<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> No caso de non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
						Nivel de renda (IRPF) para o ano 2022	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
						Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior deberán cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.





ANEXO II (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. Público en xeral pola publicación de listaxes na páxina web do programa ( <a href="http://www.edu.xunta.es/axudasle">http://www.edu.xunta.es/axudasle</a> ).
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

Lugar e data

,  de  de

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO III

**ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA AXUDA CONCEDIDA**  
(Remitirse unha vez que se publique a listaxe definitiva de alumnado seleccionado)

ED504B - ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE** (alumno/a)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (pai, nai ou titor/a)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Beneficiario/a da axuda concedida ao abeiro da orde pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2023, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, escolarizado nos cursos 2021/22 e 2022/23, en réxime de concorrencia competitiva,

 RENUNCIO Á AXUDA ACEPTO A AXUDA

e autorizo para participar nas actividades de linguas estranxeiras organizadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a recibir a atención médica que, se é o caso, sexa necesaria. Así mesmo, manifesto o meu coñecemento de que:

- No caso de renuncia ou abandono do programa sen ter unha causa grave debidamente xustificada ou demais circunstancias establecidas no artigo 18 da orde de convocatoria, fareime cargo do importe equivalente da axuda e da recarga de demora correspondente desde o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde proceder ao reintegro.

- No caso de expulsión do programa ou demais circunstancias establecidas no artigo 19 da orde de convocatoria, fareime cargo do pagamento dos gastos ocasionados, incluíndo os de regreso, así como do importe total do custo da actividade e, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados.

Remitir xunto co comprobante de ingreso de  € no número de conta indicado. Declaro responsablemente que á persoa beneficiaria non se lle concedeu, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE** (no caso de ser maior de idade) **OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 



ANEXO IV

	Modalidade	Duración	Réxime de aloxamento	Nº de prazas	Reparto das prazas por grupos				Custo por praza (€)	Achega das familias por grupo (€)			
					Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D		Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	90	31	28	16	15	4.600,00	400	700	1.200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	120	38	37	25	20	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	20	8	6	4	2	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	3	1	1	1	0	2.640,22	300	450	800	1.000,00
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
1º bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	140	50	40	30	20	4.600,00	400	700	1200	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	219	69	59	50	41	3.300,00	300	500	900	1.125,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	40	12	10	10	8	3.630,00	300	500	900	1.125,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	3	1	1	1	0	2.640,22	300	450	800	1.000,00
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3.630,00	300	500	900	1.125,00
			Total prazas:	<b>645</b>	<b>214</b>	<b>184</b>	<b>139</b>	<b>108</b>					



**ANEXO V****Baremo, puntuación e determinación de achegas familiares**

Criterios de puntuación:

1º. Nota media do expediente no curso 2022/23: ata 10 puntos.

O criterio de selección que se terá en conta será o da nota media das cualificacións do expediente académico dos estudos realizados no curso 2022/23 polo alumnado.

En educación secundaria obrigatoria e en bacharelato, o cálculo da nota media exprésase, se é o caso, cun decimal calculado mediante redondeo, e farase constar este resultado na epígrafe correspondente, incluído no anexo I de solicitude destas axudas.

Para todos os niveis educativos, a baremación da nota media aplicarase segundo a seguinte táboa:

Nota media	Puntuación
5-5,9	5 puntos
6-6,9	6 puntos
7-7,9	7 puntos
8-8,9	8 puntos
9-9,9	9 puntos
10	10 puntos

2º. Renda per cápita da unidade familiar: ata 20 puntos.

Aplícase unha puntuación ponderada e progresiva en función da renda per cápita da unidade familiar, segundo o seguinte cadro, calculada esta como suma dos ingresos de cada un dos membros computables da unidade familiar, correspondentes ao exercicio fiscal do ano 2022, divididos entre o número de membros da mesma. Cando se presentara declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio fiscal 2022, sumaranse os importes dos recadros correspondentes á base imponible xeral e da base imponible do aforro; cando non se presentara, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.



Para os efectos de cómputo das rendas, teranse en conta as de:

a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.

b) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.

c) Os/as irmáns/ás do/da solicitante maiores de 16 anos e menores de 25 anos.

d) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

e) No caso de que a tutela e o acollemento non recaian na mesma entidade ou persoa, computará só a renda da persoa solicitante (artigo 6 membros unidade familiar).

Nos casos de violencia de xénero, cando a persoa agresora forme parte da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos desta para determinar a renda per cápita da unidade familiar. Para os efectos desta orde, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e que cesasen a relación de convivencia ou dominación co agresor, se é o caso, mediante algún dos documentos seguintes:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia de xénero, ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.

c) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local, no cal se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.



d) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local, no cal se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.

e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e/ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no cal conste a existencia dos ditos indicios.

f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

g) Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.

A puntuación que se asignará segundo a renda per cápita exprésase na seguinte táboa:

Tramos de renda per cápita da unidade familiar (euros)	
Ata 3.962	20 puntos
Superior a 3.962 e inferior a 7.606	16 puntos
Igual ou maior a 7.606 e inferior a 10.222	12 puntos
Igual ou maior a 10.222 e inferior a 11.450	8 puntos
Igual ou maior a 11.450	4 puntos

3º. Pertenza a familia numerosa: 2 puntos.

4º. Discapacidade igual ou superior ao 33 % ou pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente de clases pasivas dalgún membro da unidade familiar en primeiro grao: 2 puntos.

5º. Non ter sido beneficiario dunha axuda ao abeiro da convocatoria establecida pola Orde do 18 de xaneiro de 2023: 1 punto.

Cálculo para a determinación das axudas convocadas:

De acordo co establecido no artigo 4.3, a contía da axuda para cada persoa beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadía para a que resultase



seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos e os grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados no anexo IV e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar.

Para a asignación do alumnado seleccionado a cada un dos catro grupos de achega familiar séguese o seguinte procedemento:

1º. Coa listaxe definitiva de solicitantes ordenada segundo a puntuación obtida de maior a menor, asígnaselle a cada persoa seleccionada unha praza no grupo de achega familiar correspondente seguindo a orde establecida na listaxe, tendo en conta as prazas indicadas no anexo IV para cada actividade, desde o grupo A ao D. En función da súa adscrición ao grupo correspondente, fíxase a contía da achega familiar que lle corresponderá a cada persoa seleccionada segundo o establecido no citado anexo IV para cada actividade.

2º. No caso de renuncias, a listaxe corre segundo a orde numérica establecida na lista de agarda, corresponderalles ás novas persoas seleccionadas a achega familiar correspondente ás prazas do grupo D.

